



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONVOCATORIA 2020 DE EXPRESIÓN DE INTERESE PARA A INCORPORACIÓN AO IDIS DE NOVOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

1. Grupos aos que vai dirixida: todos os grupos de investigación do ámbito da biomedicina da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago e de Lugo e os grupos da Universidade de Santiago de Compostela, incluídos os grupos vinculados ao Campus de Lugo.
2. O grupo de investigación terá un/ha “investigador/a líder de grupo”, que desenvolverá a súa actividade científica no instituto, e deberá ser persoal investigador ou clínico adscrito ao Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela ou ao Hospital *Lucus Augusti* ou persoal docente-investigador da USC (con ou sen praza vinculada), ou investigadores do IDIS que cumpran os criterios establecidos na guía de acreditación do *Instituto de Salud Carlos III*.
3. O grupo de investigación será a unidade formada por persoal investigador e técnico que contará con liñas de traballo, actividades de investigación, desenvolvemento e innovación cunha traxectoria común, estando definido por unha temática concreta que corresponda coa obxectivos do IDIS, e de acordo coa súa misión, visión e valores.

Estará composto por un mínimo de 3 investigadores/as, tendo un a condición de líder, que actuará como responsable do mesmo.

Todo novo grupo deberá identificarse cun nome que responda as liñas de investigación do grupo e que lle permita diferenciarse de outros grupos do IDIS. Poderá engadirse un acrónimo referido a súa denominación.

A denominación non poderá coincidir coa dunha área de investigación, outro grupo xa existente, nin ser tan xeral como para impedir a creación doutros grupos. Tampouco poderá inducir a confusión con nomes de entidades públicas ou privadas.

O grupo deberá indicar na solicitude a área de investigación do IDIS no que desexe ser integrado.

4. O novo grupo do IDIS deberá estar integrado por investigadores/as cuxa traxectoria investigadora estea e pretenda seguir estando intimamente ligada ao novo grupo de investigación do IDIS (investigadores/as adscritos), e por persoal técnico, pertencendo a algunhas das seguintes categorías:
 - Categoría R1: Investigadores/as en primeira etapa formativa. Investigadores/as predoutorais beneficiarios de algún Programa de Recursos Humanos ou contratados con cargo a un proxecto, sempre que o director da súa tese de doutoramento pertenza ao grupo solicitante.
 - Categoría R2: PDI non permanente¹ da USC e Investigadores/as recoñecidos e persoal asistencial que se atope en fase posdoutoral no SERGAS ou na Fundación IDIS.

¹ A efectos desta convocatoria enténdese por Investigador/a Non Permanente da USC a aqueles/as investigadores/as posdoutorais adscritos á USC no marco de Programas e Convocatorias Ramón y Cajal, Marie Curie, Investigadores Posdoutorais autonómicos, Investigadores/as do programa JIN, Investigadores/as de programas financiados por Fundacións privadas ou programas propios seleccionados en condición de competencia homologable.



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Categoría R3:
 - PDI permanente da USC.
 - Investigadores/as adscritos á USC procedentes de Programas de referencia como o programa Oportunius-GAIN, ERC e similares ou adscritos no eido de Convenios institucionais con Organismos Públicos de Investigación.
 - Profesores eméritos e *ad honorem* da USC.
 - Investigadores doutores do CSIC adscritos aos centros singulares da USC.
 - investigadores establecidos do SERGAS e da Fundación IDIS, que teñan superado a etapa posdoutoral.
 - Investigadores asistenciais que lideran algún proxecto de investigación.
- Categoría R4: líderes de grupos de investigación e investigadores principais de proxectos que lideran liñas de investigación no centro ao que pertencen e que posúen unha experiencia científica contrastada.
- Estudiantes. Persoal que está adscrito ao instituto e que leva a cabo a realización dun traballo tutelado ou prácticas empresariais vinculadas cos seus estudos.
- Persoal técnico e de xestión da Fundación IDIS.

O persoal poderá formar parte dun único grupo de investigación do IDIS, non podendo pertencer a outro instituto de investigación sanitaria.

No caso de que as solicitudes inclúan a algún investigador, persoal técnico ou estudante da USC deberán acompañar autorización da USC, que solicitarán a través do Vicerreitorado de Investigación e Innovación.

Non se poderán adscribir aqueles investigadores ou persoal que manteñan colaboracións puntuais co grupo de investigación do IDIS. Estes investigadores non formarán parte da composición do grupo do IDIS.

5. Prazo de presentación das expresións de interese: do **18 ao 29 de maio de 2020**.
6. Documentación a presentar: a documentación de cada grupo presentarase no formulario anexo, e enviarase por correo electrónico, no prazo indicado, á Coordinación Científico-Técnica do IDIS, na seguinte dirección de correo electrónico: **secretaria@idisantiago.es**
7. Tipos de grupos: poderanse presentar calquera das tipoloxías actualmente contempladas no IDIS, a saber:
 - a. Grupos consolidados.
 - b. Grupos emerxentes.
 - b. Grupos asociados clínicos.

8. Requisitos mínimos para solicitar ser considerado como GRUPO CONSOLIDADO

- a. Ter un número mínimo de 5 investigadores adscritos.
- b. Ter publicado nos últimos 5 anos polo menos 10 publicacións en revistas do primeiro cuartil, ou no caso de ser menos, ter un factor de impacto acumulado superior a 50. Polo menos o 50% deben ser asinadas polo líder de grupo.
- c. Ter obtido 3 proxectos financiados en convocatorias públicas competitivas con posterioridade ao 1 de xaneiro do 2015, tendo polo menos un proxecto vixente, e no que polo menos un estea dirixido polo líder de grupo.
- d. Ter dirixido alomenos 2 teses doutorais con posterioridade ao ano 2015, e polo menos 1 dirixida polo líder de grupo.

9. Requisitos mínimos para solicitar ser considerado como GRUPO EMERXENTE

- a. Ter un número mínimo de 3 investigadores/as.
- b. O investigador líder de grupo debe ser un investigador de acreditada traxectoria investigadora (contratado Miguel Servet, Juan Rodés, Ramón y Cajal) ou PDI non permanente da USC que ostente a condición de investigador principal (IP)².
- c. Ter publicado nos últimos 5 anos, polo menos 5 publicacións en revistas do primeiro cuartil ou, no caso de ser menos, ter un factor de impacto acumulado superior a 20. Polo menos o 50% deben ser asinadas polo líder de grupo.
- d. Ter obtido polo menos un proxecto financiado en convocatoria competitiva con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.

10. Requisitos mínimos para solicitar ser considerado como GRUPO ASOCIADO CLINICO

- a. Ter un número mínimo de 3 investigadores/as adscritos.
- b. O líder do grupo debe ser persoal estatutario do SERGAS e a maioría dos membros do equipo deberán pertencer ao SERGAS con funcións asistenciais.
- c. Ter demostrada a participación en ensaios clínicos nos últimos 5 anos.
- d. Ter publicado nos últimos 5 anos, polo menos 3 publicacións en revistas do primeiro cuartil ou, no caso de ser menos, ter un factor de impacto acumulado superior a 15. Polo menos 1 debe ser asinadas polo líder de grupo.

11. Avaliación das expresións de interese: as expresións de interese serán recibidas pola Dirección Científica, que xunto coa Comisión de Investigación do IDIS, emitirá un informe, que poderán resolver de forma favorable ou desfavorable. Ademais, no caso das solicitudes de grupos consolidados, será necesario un informe previo por parte do Comité Científico Externo.

No caso de que exista unanimidade na emisión dos informes, e estes sexan favorables, a solicitude será aprobada de forma automática. Se todos os informes foran

² Considérase Investigador/a Principal a aquel investigador/a que é líder dun proxecto de investigación activo con financiación competitiva.



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

desfavorables, a solicitude será desestimada.

No caso de haber algunha discrepancia, someterase á valoración do Consello Reitor, quen decidirá sobre a aprobación da integración do grupo.

12. O **informe final** será remitido ao líder solicitante a través do correo electrónico no que tramitou a solicitude.

Santiago de Compostela a 11 de maio de 2020

José Castillo Sánchez
Director Científico do IDIS